

CÓDIGO DE BO GOBERNO

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA
ABRIL 2023

ÍNDICE

CAPÍTULO I. OBXECTO, MISIÓN E VALORES.....	2
CAPÍTULO II. ÁMBITO DE APLICACIÓN, ACEPTACIÓN E CUMPRIMENTO DO CÓDIGO	3
CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO.....	3
CAPÍTULO IV. COMISIÓN DE BO GOBERNO	7
CAPÍTULO V. DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE ACTUACIÓN ÉTICA	8
CAPÍTULO VI. PAUTAS DE CONDUTA.....	9
CAPÍTULO VII. INFRACCIÓNS E COMUNICACIÓN	14
CAPÍTULO VIII. VIXENCIA.....	15

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en adiante, COTSG) é o superior órgano representativo, coordinador e executivo da profesión do Traballo Social e da actividade profesional das persoas colexiadas, dentro do seu ámbito territorial de actuación que se circunscribe á Comunidade Autónoma de Galicia.

O COTSG integra ao colectivo profesional de Traballadores/as Sociais que exercen a súa actividade en Galicia, así como as persoas que desexan incorporarse aínda que non estean desempeñando a profesión. O marco legal polo que se rexen os colexios profesionais, e en concreto, o COTSG é:

- [E](#)
- [Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais.](#)
- [Lei 11/2001, de 18 de setembro de colexios profesionais da CC.AA. de Galicia](#)
- [Estatutos particulares do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.](#)
- [Real Decreto 877/2014, de 10 de outubro, polo que se aproban os Estatutos do Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales \(BOE, nº 259, de 25 de outubro de 2014\).](#)
- [Regulamento de réxime interno do COTSG, aprobado pola Asemblea Xeral reunida o 30 de xuño de 2021. REGULAMENTO-DE-REXIME-INTERNO-final-v6-1.pdf \(traballosocial.gal\)](#)

Entre os seus fins correspóndelle a ordenación do exercicio da actividade profesional, a representación institucional exclusiva da profesión, en tanto estea suxeita a colexiación obrigatoria, a observancia dos principios xurídicos, éticos e deontolóxicos así coma a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas.

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ten a todos os efectos a condición de corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O bo goberno corporativo refírese ao conxunto de principios e normas que regulan o deseño, integración e funcionamento dos órganos de goberno da organización. A súa aplicación na estrutura colexial garante a confianza e a transparencia ante os poderes públicos, persoas colexiadas, empregadas/os, provedores, outros/as profesionais e a cidadanía en xeral.

Na liña de fomentar unha organización aberta e transparente elabórase o presente Código de Bo Goberno, definindo os principios de actuación que regulan, xestionan, afianzan e consolidan as relacións entre o Colexio e os seus grupos de interese, tratando de formalizar procedementos que ata agora se articulaban a través de acordos puntuais; estandarizando a xestión e recollendo os criterios básicos para a toma de decisións e a xestión operativa dos órganos de Goberno do COTSG.

Do mesmo xeito é unha guía de compromiso para os seus órganos, tanto para a Xunta de Goberno como para as persoas integrantes da Asemblea Xeral, desenvolvendo e complementando o establecido nos Estatutos do Colexio e no Código Deontolóxico da profesión.

O Colexio define neste Código pautas de comportamento que facilitan o bo goberno corporativo a través do desenvolvemento dun renovado marco de actuación que xestione as regras éticas que as persoas colexiadas e todas/os as/os profesionais e persoal da institución deben levar a cabo en cumprimento cos valores corporativos.

O Código de Bo Goberno desenvolve os principios éticos que han de rexer a actuación de todo o grupo de profesionais, entendendo como tal aos empregados/as e aos membros da Xunta de Goberno que integran o COTSG, en liña cos valores corporativos do Colexio fundamentados nos principios de responsabilidade corporativa e sustentabilidade, así como os valores da profesión a prol de alcanzar a visión establecida.

Representa, por tanto, un elemento vertebrador da xestión da responsabilidade social, permitindo a implantación dos valores corporativos entre todos os profesionais da institución e a definición dos principios de actuación que trata de afianzar a relación entre o Colexio e as persoas usuarias e a cidadanía, as asociacións e Universidades, as Administracións Públicas, provedores, empregados/as e as persoas colexiadas. En definitiva, a relación entre o Colexio e os grupos de interese colexiais.

CAPÍTULO I. OBXECTO, MISIÓN E VALORES

Artigo 1. Obxecto

O presente Código de Bo Goberno ten por obxecto establecer os principios orientadores, procesos e as normas de conduta que deben respectar os membros da Xunta de Goberno do COTSG e, en xeral, todo cargo da organización, no exercicio das súas funcións, para definir como xestionarse, co fin de garantir un marco de actuación institucional baseado na consecución da misión e o cumprimento dos valores coa máxima transparencia e eficacia.

O obxectivo principal do Código é regular, xestionar, afianzar e consolidar as relacións entre o Colexio e os seus grupos de interese, articulándose nas seguintes accións:

- Crear unha cultura de traballo e un clima ético que fortaleza a identificación dos grupos de interese colexiais cun proxecto colexial común, participativo e aberto.
- Ser un instrumento estratéxico para o mantemento e fomento da confianza entre os grupos de interese colexiais e o propio Colexio.
- Definir ao máis alto nivel as responsabilidades e obrigacións, así como o

compromiso do Colexio na satisfacción das expectativas dos grupos de interese colexiais.

- Institucionalizar as pautas de traballo, normas e criterios de decisión que definen o proxecto de organización e que deben rexer toda a actividade do Colexio.
- Promover o cumprimento da misión e a consecución das liñas de acción establecidas na visión do Colexio.

Artigo 2. Misión e valores

MISIÓN

- Ostentar a representación e defensa da profesión a nivel da comunidade autónoma de Galicia.
- Representación exclusiva da profesión na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Observancia dos principios xurídicos, éticos e deontolóxicos.
- Formación permanente das persoas colexiadas.
- Defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas.
- Combater o intrusismo profesional e contribuír a unha maior profesionalización das súas colexiadas/os.
- Garantir á cidadanía e ás institucións unha boa praxe profesional.

VALORES

A defensa dos valores profesionais que o COTSG promulga debe facerse desde:

- O compromiso coa profesión, a estrutura profesional e os/as profesionais.
- Unha filosofía de traballo baseada na cooperación, a cohesión, a creación de redes e a acción.
- A potenciación da identidade profesional.
- A aposta polo impulso dos diferentes sectores profesionais.
- A xestión socialmente comprometida, transparente e ética.
- O rigor profesional.
- A perspectiva de xénero en todas as nosas actuacións.
- O traballo en equipo, sumando sinerxías e alianzas estratéxicas para o logro de obxectivos.
- O fomento da participación activa e a participación social.
- O compromiso coa defensa de todas as accións que impliquen vivir, traballar e exercer a profesión dende unha perspectiva ecolóxica e de defensa do equilibrio medioambiental.
- O compromiso con todas aquelas accións que impliquen o fomento dun desenvolvemento sostible e unha racional utilización dos recursos naturais que garantan a equidade do reparto.

CAPÍTULO II. ÁMBITO DE APLICACIÓN, ACEPTACIÓN E CUMPRIMENTO DO CÓDIGO

Artigo 3. Ámbito de aplicación

O presente Código de Bo Goberno e as normas de comportamento que contén, aplícanse a todos aqueles actos e relacións das persoas integrantes da Xunta de Goberno e da Asemblea Xeral do COTSG, dos/as empregados/as da organización, das persoas ou institucións que manteñan unha colaboración estreita coa institución así como cos medios de comunicación e o resto de persoas ou institucións coas que se relacionen, con independencia da modalidade contractual que determine a súa relación coa organización, posición que ocupen ou lugar no que se atopen.

Artigo 4. Aceptación e cumprimento do Código

As persoas que estean incardinadas no ámbito de aplicación deste Código están obrigadas a coñecelo e cumprilo, e colaborar para facilitar a súa execución, co respecto aos valores e principios que contén e a seguir as pautas de comportamento ético que establece, atendendo non só ao seu tenor literal senón tamén ao seu espírito e finalidade. A aqueles que se incorporen á organización faráselles entrega do presente código e deberán coñecer, comprender e aceptar as normas de actuación fixadas no mesmo.

Artigo 5. Difusión

A Xunta de Goberno comprométese a comunicar e difundir o presente Código de Bo Goberno entre as persoas colexiadas, empregadas/os e o resto das persoas ou institucións obrigados á súa observancia, así como a controlar o seu efectivo cumprimento, informando periodicamente a través da súa memoria anual. Este código estará a disposición de todos os grupos de interese a través da páxina web institucional e/ou outras posibles canles corporativas.

CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE GOBERNO

Segundo establece o artigo 29 dos Estatutos do COTSG os órganos de representación, goberno e administración do COTSG serán os seguintes:

- Asemblea Xeral, como órgano plenario.
- Xunta de Goberno, como órgano de goberno.
- Presidencia, como órgano presidencial.

O criterio que presidirá en todo momento a actuación dos órganos de Goberno do Colexio será a defensa dos intereses da profesión, da entidade e, por tanto, o interese común de todas persoas colexiadas, poñendo especial celo en evitar que coas súas decisións se poidan beneficiar intereses individuais en detrimento do interese común.

No desempeño das súas funcións, as persoas que conforman a Asemblea e a Xunta de Goberno obrarán de boa fe e no mellor interese da entidade, sendo os seus deberes xerais os seguintes:

- Adicar o tempo e esforzo necesarios ao seu rol ao longo de todo o mandato.
- Informarse e preparar adecuadamente os asuntos de interese da organización.
- Tendo o deber de esixir e o dereito de solicitar da organización a información adecuada e necesaria que lle sirva para o cumprimento das súas obrigacións, de forma que poida emitir un xuízo obxectivo sobre as cuestións obxecto de debate.
- Asistir e participar activamente nas sesións ou reunións que se convoquen, expresando a súa opinión, criterio e, no seu caso, oposición cando considere que algunha proposta de decisión sometida pode ser contraria á Lei, aos Estatutos da entidade ou ao interese social, solicitando neste caso, a constancia en acta da súa oposición cando o considere conveniente.
- Deber de lealdade coa presente institución. En particular o deber de lealdade obriga aos órganos de Goberno a actuar en interese desta organización por encima do seu interese individual. Do mesmo xeito, este deber implica non usar a súa posición para promover intereses comerciais ou políticos dunha organización allea ao Colexio, ou os seus propios, nin exercitar as súas facultades con fins distintos daqueles para os que lle foron concedidas.
- Gardar segredo das deliberacións dos órganos de Goberno, así como das comisións e grupos de traballo dos que formen parte.
- Cumprir as normas establecidas no presente Código respecto dos conflitos de interese e incompatibilidades, así como acatar as decisións que se adopten conforme á citada regulación.

Artigo 6. Asemblea Xeral

Co fin de non perturbar a xestión ordinaria da organización, o exercicio do dereito de información e asesoramento canalizarase a través das canles establecidas polo Colexio e dirixido á Presidencia do Colexio ou a Xunta de Goberno no seu caso, quen atenderán as solicitudes das persoas colexiadas, facilitándolles a información ou asesoramento ou ofrecéndolle os interlocutores apropiados.

As persoas que conforman a Xunta de Goberno do Colexio atópanse investidas das máis amplas facultades para informarse sobre calquera aspecto desta organización, para examinar os seus libros, rexistros, documentos e demais antecedentes das

operacións colexiais, na medida en que resulte necesario ou conveniente para o dilixente exercicio do seu cargo.

Artigo 7. Funcións da Xunta de Goberno

Segundo establece o artigo 37 dos Estatutos do COTSG, son funcións da Xunta de Goberno, entre outras, as seguintes:

- Ostentar a representación do colexio e dos seus intereses.
- Velar polo cumprimento e execución dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno e pola Asemblea Xeral, así como promover as iniciativas que a devandita Asemblea lle encomende.
- Dirixir a xestión e administración do Colexio para o cumprimento dos seus fins.
- Representar os intereses profesionais ante os poderes públicos, así como velar polo prestixio da profesión e a defensa dos seus dereitos.
- Establecer e organizar os servizos necesarios para o mellor cumprimento das funcións colexiais.
- Resolver as solicitudes de colexiación.
- Informar os/as colexiados/as das actividades e acordos do Colexio, e dar resposta ás consultas que aqueles expoñan.
- Tomar todo tipo de acordos dirixidos ao cumprimento dos fins e funcións do Colexio sempre que non estean expresamente atribuídos á Asemblea Xeral ou á Presidencia do Colexio, e ordenar o procedente para que sexan executados.

Así mesmo, as persoas integrantes da Xunta de Goberno deberán dar a coñecer as actividades ou proxectos postos en marcha no Colexio, responsabilizándose de cada actividade que lle sexa encomendada desde o inicio ata a súa conclusión.

O COTSG contará cun Plan de Actuacións anual determinado pola Xunta de Goberno que presentará para aprobación á Asemblea Xeral. Este Plan fixará o marco de actuación da entidade, establecendo grandes liñas de actuación e obxectivos para cada período.

Artigo 8. Sobre funcionamento das reunións (en complemento das regras fixadas nos Estatutos)

- A Xunta de Goberno unha vez marcados os obxectivos e directrices xerais será a responsable desde o inicio ata a finalización das actividades planificadas.
- Sobre o que os órganos de goberno decidiron e proxectaron, a/o Coordinador/a do COTSG dará traslado ao equipo técnico para implementar e levar a cabo as tarefas ao obxecto da consecución dos obxectivos.
- Hai diferentes responsabilidades, pero non posicións de poder.
- Trátase en todo caso dun traballo en equipo onde a importancia da implicación e o compromiso das persoas que constitúen a Xunta de Goberno, como responsables da actividade, é fundamental. Desde o equipo técnico poderase participar, suxerir e achegar para o enriquecemento do proxecto.
- Será prioritario establecer unha boa planificación para non saturar e/ou solapar actividades considerando as prioridades establecidas pola Xunta de Goberno.
- Dentro das liñas de traballo farase unha repartición de tarefas equitativa entre o equipo de traballo dispoñible. A Xunta de Goberno poderá designar un responsable de cada proxecto e/ou actividade en función dos perfís dos seus integrantes, intereses e dispoñibilidade. Os responsables de cada proxecto haberán de dar conta da devandita actividade.
- A Xunta de Goberno non poderá trasladar directamente ao equipo técnico tarefas que non foran aprobadas en Xunta, nin reasignar tarefas ou ir en contra do acordado.
- As relacións entre as persoas que compoñen a Xunta de Goberno estableceranse en paridade e baixo o respecto mutuo. Non se tolerarán as faltas de respecto e dinámicas que entorpezan o bo funcionamento e nome da organización.
- Ademais, os membros da Xunta de Goberno están obrigados a tratar de forma respectuosa tanto ás persoas que compoñen a Asemblea Xeral como ás persoas que integran o equipo técnico ou colaboradores do Colexio. Deberán contribuír a crear un clima laboral no que prevaleza a cordialidade e no que non teña cabida actitudes de prepotencia.
- As persoas afectadas por conflitos de intereses ou por incompatibilidades absteranse de intervir nas deliberacións e votacións que traten delas, ausentándose da sesión durante as mesmas.

A Presidencia promoverá a participación de todos os membros nas reunións e deliberacións.

Artigo 9. Compromisos nos que se asenta a xestión do bo goberno.

- Fortalecer a estrutura colexial: só a unión fai a forza.
- Traballar polo exercicio profesional mediante a boa praxe: o Código Deontolóxico debe ser a folia de ruta no exercicio da profesión.
- Ampliar e fortalecer os ámbitos de actuación profesional.
- Mellorar a comunicación e redes sociais, acorde co desenvolvemento das novas tecnoloxías.
- Fomentar a formación, investigación e publicacións a prol dunha boa calidade na competencia profesional.
- Facer do consenso e a participación proactiva na toma de decisións, a nosa carta de presentación e compromiso.
- Cumprir coa función estatutaria de servizo á cidadanía, sendo necesario continuar promovendo e facilitando ferramentas e canles de mellora da comunicación directamente dirixidos a esta.
- Compromiso político para abordar melloras na axenda social.

Artigo 10. Participación e representación en foros e actos externos que promovan outros órganos da estrutura colexial ou outras entidades.

Enténdese por foros e colaboracións externos aqueles eventos, conferencias, encontros, congresos, etc. que non organiza a propia entidade e nos que o Colexio é convidado a participar cun relatorio, inauguración, peche, charla ou similar. Así como aqueles actos internos da estrutura colexial en relación á representación, colaboración e convite ao Colexio por parte destes órganos da estrutura colexial.

Corresponderá á Xunta de Goberno valorar o interese de aceptar este tipo de propostas conforme aos criterios seguintes:

- Que o público obxectivo sexa de interese para o Colexio.
- Que a temática estea directamente relacionada co interese profesional.
- Que a entidade organizadora sexa unha entidade identificada como estratéxica dentro das Relacións Institucionais do Colexio.
- Que os recursos humanos e económicos permitan atender a proposta.

A máxima representación do Colexio correspóndelle á Presidencia. O criterio que se aplicará para a elección da persoa que representará ao Colexio determinarase en función da dispoñibilidade, nivel de representación institucional que requira o foro externo, así como do grao técnico que se requira para participar no foro, podendo contar no caso que así se considere, con persoas colexiadas.

A autorización terceiras persoas para representar ao Colexio corresponde á Presidencia, previo acordo da Xunta de Goberno, redirixindo a invitación a outro

membro do Colexio que, por sector ou experiencia na materia ou zona xeográfica, resulte idóneo para actuar como representante da organización. De maneira excepcional, a representación en foros e actos poderán ser tamén cubertos polo persoal técnico do Colexio.

CAPÍTULO IV. COMISIÓN DE BO GOBERNO

Para a adecuada xestión do presente Código, a Xunta de Goberno ten a responsabilidade de establecer os procedementos necesarios para asegurar a súa efectiva implantación e seguimento.

Todos/as os/as empregados/as e as persoas integrantes que compoñen os órganos do COTSG teñen a obrigaón de coñecer e cumprir o Código de Bo Goberno, así como de colaborar para facilitar a súa execución, incluíndo a comunicación de calquera incumprimento do mesmo ou feito que puidese parecelo.

Artigo 11. Funcións e directrices de actuación.

A Xunta de Goberno nomeará unha Comisión Permanente que será a responsable de:

- Desenvolver programas de comunicación e sensibilización do Código ás/aos empregadas/os e membros da Xunta de Goberno do Colexio.
- Promocionar actividades divulgativas relacionadas co Código aos grupos de interese colexiais.
- Xestionar todas as consultas, queixas ou denuncias que se reciban relacionadas co Código de Bo Goberno.
- Avaliar o cumprimento do Código.
- Elaborar o Informe Anual.

A Comisión Permanente rexerese polas seguintes directrices de actuación:

- Confidencialidade no tratamento das consultas.
- Respecto dos dereitos das persoas suxeitas ao Código.
- Toma de decisións fundamentadas e xustificadas.

Artigo 12. Composición.

A Comisión de Bo Goberno estará formada por tres membros elixidos por 4 anos que deberá coincidir co mandato da Xunta de Goberno. O cargo da Secretaría da Comisión

de Bo Goberno o ostentará a mesma persoa nomeada como Secretaria/o do Colexio, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

Artigo 13. Funcionamento.

A Comisión de Bo Goberno reunirse con carácter xeral, polo menos, unha vez ao ano de forma presencial ou de xeito telemático para revisar a información que sexa da súa competencia. A Comisión de Bo Goberno terá as seguintes responsabilidades:

- A supervisión do cumprimento deste Protocolo.
- A avaliación periódica da adecuación do sistema de bo goberno.
- A xestión do procedemento relativo ás situacións de conflito de interese.
- Así mesmo, interpretará as dúbidas sobre o Código e o seu cumprimento, coas recomendacións oportunas para a súa actualización.

A Comisión de Bo Goberno emitirá un informe anual da súa labor de seguimento e control. A Xunta de Goberno e a Asemblea serán informadas das resolucións emitidas pola Comisión de Bo Goberno. Sobre os informes e as decisións da Comisión, se fora o caso poderán revisarse, consensuarse e/ou aprobar as medidas necesarias para o cumprimento das estipulacións do presente código de goberno.

CAPÍTULO V. DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE ACTUACIÓN ÉTICA

Artigo 14. Compromiso de actuación ética

Os membros da Xunta de Goberno e da Asemblea Xeral do Colexio comprométese a aceptar os principios éticos recollidos no Código Deontolóxico da profesión e no art. 13 do Regulamento Interno do COTSG, así como, a traballar desde a proactividade nunha conduta baseada nos seguintes principios éticos de actuación no cargo que poidan ostentar:

- **CUMPRIMENTO DEONTOLÓXICO:** Defender os valores, principios e deberes recollidos no Código Deontolóxico do Traballo Social e na Declaración de Principios da FITS.
- **RESPECTO AOS DEREITOS FUNDAMENTAIS E LIBERDADES PÚBLICAS,** evitando toda actuación que poida producir discriminación algunha ou que atente, dalgunha forma, contra os dereitos e liberdades fundamentais recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.
- **INTEGRIDADE:** O que implica non abusar da posición dos órganos de goberno do Colexio para beneficio ou ganancia persoal. Non aceptación de ningún trato

de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada; abstención en asuntos nos que a existencia dun interese persoal poida supor un conflito de intereses cos seus cargos; uso dos recursos e bens do Colexio con austeridade.

- **RESPONSABILIDADE:** No cumprimento das tarefas que lle correspondan ou lle sexan encomendadas. Asumir as consecuencias que se desprendan do cumprimento das tarefas encomendadas, sexan estas positivas ou negativas.
- **RESPECTO E CALIDEZ:** O que supón recoñecer e considerar a cada persoa como ser único, con intereses e necesidades, e o compromiso dun trato amable e afable na atención e servizo derivados do cargo.
- **TRANSPARENCIA:** Servir ao interese da profesión obrando dunha maneira aberta e promovendo a responsabilidade individual e o exemplo persoal.

CAPÍTULO VI. PAUTAS DE CONDUCTA

Artigo 15. Respecto á legalidade e aos Dereitos Humanos

Toda a organización debe coñecer as leis que concirnen ao seu traballo e a Xunta de Goberno deberá proporcionar as instrucións e asesoramento necesarios. Ningún membro da Xunta de Goberno nin do persoal contratado colaborará conscientemente con terceiros na violación da lei, nin participará en actuacións que comprometan a legalidade vixente. Tanto a Xunta de Goberno como os demais cargos e persoal da institución comprométese a respectar en todas as súas actividades os dereitos fundamentais das persoas e as liberdades públicas recoñecidos polos acordos nacionais e internacionais, establecendo a obrigaçión de desempeñar todas as súas actividades con pleno respecto á dignidade humana. O COTSG respectará en todo momento a normativa e pactos internacionais de Dereitos Humanos, así como o convido pola Organización Internacional do Traballo (OIT) en materia laboral.

Artigo 16. Lealdade institucional e dedicación

A Xunta de Goberno exercerá as súas funcións de acordo cos principios de transparencia, imparcialidade, boa fe, igualdade de trato e non discriminación, dilixencia, conduta honorable e responsabilidade. Exercerán os poderes que lles atribúe a normativa vixente coa finalidade exclusiva para a que lles foron outorgados e evitarán toda acción que poida pór en risco o interese público. A Xunta de Goberno do Colexio deberá comportarse conforme ao principio de lealdade institucional, velando polo bo funcionamento da institución colexial. En todo proceso de eleccións, unha vez que se obteña un resultado democrático, este debe ser asumido e respectado por encima de calquera interese contrario ao mesmo, sen prexuízo das vías ou procedementos administrativos ou contenciosos que puidesen articularse. Só poderán

realizar declaracións públicas en representación da institución o/s cargo/s da Xunta de Goberno lexitimados para iso. Cando un membro do Colexio non autorizado para facer declaracións públicas en nome do mesmo se manfeste publicamente sobre calquera cuestión relacionada coa institución, deberá deixar claro que se trata dunha opinión persoal. En calquera caso, todas as persoas afectadas por este código expresaranse e desenvolverán as súas actividades garantindo a adecuada salvagarda da dignidade da profesión e da imaxe e a honorabilidade do COTSG.

Artigo 17. Independencia

Os membros da Xunta de Goberno e demais cargos da institución actuarán con total autonomía e independencia no exercicio das súas funcións, adoptando as decisións máis oportunas en cada caso á vista da información de que se dispoña e das deliberacións que se desenvolvan no seo da entidade.

Artigo 18. Confidencialidade

Os membros da Xunta de Goberno do Colexio gardarán debida reserva respecto dos feitos e informacións coñecidos con motivo ou ocasión do exercicio das súas competencias. Os membros da Xunta de Goberno e o persoal da institución deberán manter a confidencialidade sobre cuantos datos e información non públicos dispoñan como consecuencia da súa actividade e cuxa divulgación poida afectar os intereses da institución e/ou os seus representados. A recompilación, custodia, utilización e actualización desta información respectará escrupulosamente a normativa sobre protección de datos e contará coas debidas garantías xudiciais.

Artigo 19. Conflitos de interese

Considéranse conflito de interese todas aquelas circunstancias onde os intereses persoais ou profesionais dos membros da Xunta de Goberno e demais cargos da institución interfíren, de forma directa ou indirecta, no cumprimento responsable e ético dos deberes e responsabilidades asumidos co Colexio, ou lles involucren a título persoal nalgunha transacción ou operación económica da organización, as súas colexiadas/os ou os seus provedores.

As persoas afectadas polo Código deberán actuar sempre en defensa do interese xeral da organización e da profesión. Deberase actuar sempre de maneira que os intereses particulares das persoas suxeitas a este Código non primen sobre os da organización e/ou profesión. Esta pauta aplicarase tanto ás relacións das persoas afectadas polo Código, como ás que manteñan con terceiros. Ante a existencia de calquera interese persoal ou profesional, o membro da Xunta ou cargo da institución deberá absterse non só de intervir e votar, senón tamén de atoparse presente durante a toma de

decisión. Calquera dúbida sobre un posible conflito de intereses ou cando non resulte posible evitalo, deberá pórse en coñecemento da Comisión do Código de Bo Goberno.

A Asemblea Xeral e a Xunta de Goberno deberán adoptar as medidas necesarias para evitar incorrer en situacións nas que os seus intereses (sexan individuais ou da organización que representan) poidan entrar en conflito co interese social e cos seus deberes para co Colexio.

O deber de evitar situacións de conflito de interese en proveito directo ou indirecto que obriga a absterse de:

- Participar no debate e votar en relación con asuntos nos que ten un interese individual ou da súa organización.
- Utilizar o nome do Colexio para a realización de operacións privadas.
- Facer uso dos activos sociais, incluída información confidencial do Colexio con fins privados.
- Obter vantaxes ou remuneracións de terceiros asociadas ao desempeño do seu cargo no Colexio.
- Desenvolver actividades por conta propia ou conta allea que entrañen unha competencia efectiva, sexa actual ou potencial, coa entidade ou que, de calquera outro modo, o/a sitúen nun conflito permanente cos intereses do Colexio.

Os membros deberán comunicar calquera situación de conflito ou potencial conflito, directo ou indirecto no que puidesen estar incurso á Comisión de Bo Goberno. A identificación de potenciais conflitos de intereses poderá producirse pola comunicación da situación por parte da persoa afectada, a comunicación da situación por parte de calquera membro do Colexio ou a identificación da situación por parte da Xunta de Goberno ou a Asemblea Xeral.

Artigo 20. Incompatibilidades

O COTSG entende e respecta a participación dos membros da Xunta de Goberno ou demais cargos da institución noutras actividades empresariais ou institucionais sempre que sexan legais e non entren en concorrencia desleal e non supoñan colisión nin interferencia algunha coas responsabilidades, obrigacións e debida dedicación ao seu cargo dentro do Colexio.

O desempeño dun cargo na institución é incompatible, a título meramente enunciativo, coa aceptación de calquera encargo profesional pola súa condición de membro de Xunta de Goberno ou empregado/a da institución. No caso de calquera causa de incompatibilidade, orixinaria ou sobrevida, a persoa afectada deberá dimitir do seu

cargo tan pronto como teña coñecemento da mesma, ou ben dimitir ou cesar no cargo ou posto afectado pola incompatibilidade -sempre que esta non poida ser emendada-.

Artigo 21. Transparencia

Os cargos colexiais observarán o principio de transparencia na súa xestión e estarán suxeitas á Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no relativo ás súas actividades suxeitas a Dereito Administrativo. O COTSG facilitará a quen o solicite información sobre as súas liñas de actuación, obxectivos, obtención de recursos e composición dos seus órganos de goberno e publicará anualmente unha memoria con información sobre as súas actividades, programas e recursos.

Artigo 22. Agasallos

Ningún membro da Xunta de Goberno nin outros cargos da institución recorrerá a prácticas contrarias á ética e á lei para influír nas persoas, entidades ou organizacións coas que se relacione a organización. Ningunha persoa suxeita por este código poderá, en razón á súa pertencía ao Colexio, solicitar ou aceptar obsequios, realizar ou recibir pagos en metálico ou especie, ou calquera outro beneficio que polo seu valor afecte o desenvolvemento das relacións entre as partes ou poida afectar ao bo nome da organización e/ou da profesión. Queda prohibido o ofrecemento ou aceptación de agasallos que resulten desproporcionados ou afastados dos usos e costumes, tanto na organización como na contorna. As achegas ou agasallos que se dirixan ao apoio dunha sociedade de beneficencia, fundación ou eventos social da comunidade están exentos destes límites, aínda que todos os proxectos sociais nos que a organización participe terán que ser coherentes coa forma de actuar e a política de RSC (no caso de que a haxa) da institución.

Artigo 23. Veracidade da información

En xeral, tanto a Xunta de Goberno como o persoal da institución porán especial coidado sobre a fiabilidade da información facilitada e transmitida, e esta á súa vez deberá ser veraz, completa e comprensible.

Artigo 24. Igualdade e non discriminación

O COTSG promoverá o desenvolvemento profesional e persoal de tódalas/os seus empregadas/os, asegurando a igualdade de oportunidades a través das súas actuacións. A selección das persoas empregadas estará baseada na súa competencia no desempeño das súas funcións, así como nos criterios de mérito e capacidade definidos no perfil do posto de traballo. Todos os e as empregadas deberán participar

activamente nos plans de formación que a institución pon á súa disposición para actualizar os coñecementos necesarios para a súa mellora profesional.

O COTSG promoverá a igualdade de oportunidades, evitando calquera de discriminación, directa ou indirecta, por motivos de raza, sexo, relixión, opinión política, nacionalidade, orientación sexual ou calquera outra condición física, psíquica ou social. Así mesmo, impulsarase a conciliación da vida familiar, persoal e profesional

Artigo 25. Violencia e acoso

O COTSG rexeita calquera manifestación de violencia, acoso físico, sexual, psicolóxico ou moral no ámbito laboral, así como calquera outra conduta ofensiva ou abusiva que poida xerar unha contorna intimidatoria con respecto aos dereitos das persoas. Comprometéndose a desenvolver o correspondente protocolo de acoso laboral.

Artigo 26. Uso dos recursos

A Xunta de Goberno e demais empregados/as do COTSG só poderán facer uso dos activos e instalacións colexiais no exercicio das funcións propias do seu cargo. Utilizarán os medios que a organización poña á súa disposición única e exclusivamente para o desempeño das súas funcións, procurando un uso eficiente dos bens e servizos da institución e non os utilizarán en beneficio propio, nin se beneficiarán da súa posición para obter vantaxes patrimoniais ou persoais.

Artigo 27. Respecto polo medioambiente

O COTSG asume o compromiso de procurar o maior respecto ao medioambiente no desenvolvemento das súas actividades así como de minimizar os efectos negativos que, eventualmente, se puidesen ocasionar. Todas as persoas da institución deberán comprometerse activa e responsablemente na conservación do medio ambiente, para o que cumprirá as esixencias legais e os procedementos estipulados para cada posto de traballo. Así mesmo, deben esforzarse en minimizar o impacto ambiental derivado das súas actividades e da utilización das instalacións, equipos e medios de traballo postos á súa disposición, procurando un uso eficiente dos mesmos.

Artigo 28. Relación coas persoas colexiadas

O COTSG comprométese a informar as persoas colexiadas do seu ámbito territorial de todos aqueles feitos e circunstancias relacionadas coa organización que poidan afectar á súa relación. Toda a organización debe actuar de forma íntegra cos representantes do seu Colexio tendo como obxectivo a consecución dos máis altos niveis de calidade e excelencia no desenvolvemento dunhas relacións baseadas na confianza e o

respecto mutuo. Todos os representantes do Colexio serán tratados dunha forma respectuosa, xusta, honesta e acorde cos principios e valores fundamentais da institución. A relación coas persoas colexiadas debe basearse na eficacia, profesionalidade, mentalidade de servizo e colaboración, buscando satisfacer as súas necesidades, achegándolles solucións competitivas e de calidade.

Artigo 29. Relación con provedores ou colaboradores

O COTSG promoverá o establecemento de relacións estables cos seus provedores e empresas colaboradoras baseadas na confianza, na esixencia da máxima calidade, a transparencia, a procura da mellora continua e o beneficio mutuo, impulsando actividades de innovación e desenvolvemento. Para iso, as relacións cos provedores deberán axustarse a un marco de colaboración mutua que facilite a consecución de obxectivos por ambas as partes, polo que o tratamento ha de ser de igual a igual e sempre dentro do marco legal. O COTSG velará por que as empresas subministradoras de produtos/servizos desenvolvan a súa actividade no marco da Responsabilidade Social Corporativa e a ética empresarial. A selección de provedores deberá realizarse conforme a Política de Contratación de Provedores da organización (no caso de que exista), garantíndose a transparencia, a igualdade de trato e a utilización de criterios obxectivos. Todo aquel que participe na contratación de servizos ou compra de bens ten a obrigaición de actuar con total independencia, imparcialidade e obxectividade, aplicando criterios de calidade e custo e evitando a colisión dos seus intereses persoais cos da compañía. Non se permitirán prácticas de compra que non estean recollidas na mencionada Política ou situacións que provoquen un proveito ou enriquecemento dalgunha persoa da organización, do propio provedor ou de terceiros. Do mesmo xeito, está prohibido ofrecer, dar, solicitar ou recibir calquera tipo de cobro ou pago fóra de contrato ou pedido.

Artigo 30. Relación cos poderes públicos

Na súa relación cos poderes públicos, o COTSG, como entidade de representación dos intereses lexítimos da profesión, debe comportarse con profesionalidade, transparencia e respecto mutuo. Na defensa dos seus principios, rexeitarase protagonismos e actitudes competitivas. Crearanse e potenciaranse espazos de encontro para mellorar as relacións e poder alcanzar acordos en beneficio do interese xeral.

Artigo 31. Relación con outras entidades e coa sociedade

O COTSG manterá unha relación de diálogo coa sociedade e con outras entidades, tanto públicas como privadas, co fin de mellorar as condicións sociais grazas a todo tipo de sinerxías e/ou oportunidades de colaboración, dentro dos seus fins e funcións.

Artigo 32. Patrocinios.

Con carácter xeral os patrocinios quedarán restrinxidos aos eventos que organice o COTSG dentro do seu programa de traballo para os que non dispoña de fondos suficientes. O resto das iniciativas propias con carácter xeral non poderán ser patrocinadas para evitar asociar a imaxe da organización profesional cunha entidade ou iniciativa particular ou concreta.

O patrocinio poderá ser monetario ou en especie, mediante, por exemplo, a cesión dos espazos e os servizos de xestión do evento. O patrocinio do evento dará dereito ao patrocinador a incluír o seu logotipo nas comunicacións que o COTSG faga do evento. En ningún caso o patrocinio do evento facultará ao patrocinador para determinar os contidos nin o resto de participantes.

CAPÍTULO VII. INFRACCIÓNS E COMUNICACIÓN

Artigo 33. Interpretación e procedemento sancionador

Toda a organización está obrigada a cumprir e facer cumprir este Código. Calquera dúbida sobre a súa interpretación ou aplicación deberá consultarse cun superior xerárquico ou exporse á Comisión do Código de Bo Goberno (creada pola Xunta de Goberno). A Comisión do Código de Bo Goberno é o órgano ao que as persoas suxeitas ao seu ámbito de aplicación deben dirixirse para comunicar posibles incumprimentos, tanto se lles afectan persoalmente como a terceiros. A Comisión ten por finalidade fomentar a difusión, coñecemento e cumprimento do Código en toda a organización, así como a súa difusión externa, recollida no capítulo III do presente código. É a encargada de facilitar as canles de información e denuncia e de tramitar as denuncias. No caso de que se comprobe que se incumpriron algunha das súas pautas, propondrá a correspondente sanción, que será ratificada e aplicada pola Xunta de Goberno.

Artigo 34. Comunicación

O COTSG establece unhas liñas de comunicación ás que pode dirixirse calquera persoa con sospeitas fundadas de presuntas vulneracións das pautas establecidas no presente Código de Bo Goberno a través da seguinte dirección de correo electrónico: info@traballosocial.gal

Artigo 35. Normas de actuación

Garántese, conforme ao disposto na Lei de Protección de Datos, a confidencialidade das denuncias, e non se admitirán represalias sobre aquelas persoas que comuniquen

de boa fe os presuntos incumprimentos. Así mesmo, garantirase a confidencialidade e os dereitos das persoas implicadas no seu incumprimento. O uso desta canle de forma temeraria ou con falsidade constituirá falta moi grave, suxeita aos procedementos disciplinarios establecidos nos Estatutos do COTSG, sen prexuízo de que poida levar así mesmo posibles responsabilidades civís ou penais contempladas pola Lei.

CAPÍTULO VIII. VIXENCIA

Artigo 36. Entrada en vigor e vixencia

O presente Código de Bo Goberno entrará en vigor tras a súa aprobación pola Asemblea Xeral e estará vixente en tanto non se aprobe a súa modificación ou derogación.

Este Código interpretarase de conformidade cos Estatutos do Colexio e as normas legais e regulamentarias ás que poida estar suxeita en cada momento. As dúbidas que se puidesen suscitar en relación coa interpretación deste Código serán resoltas pola Comisión de Bo Goberno ou a Xunta de Goberno, que propondrá, no seu caso, as modificacións que estime pertinentes.

Os órganos de Goberno do COTSG teñen a obrigaón de coñecer, cumprir e facer cumprir o presente Código.

No caso de que algúns dos órganos de goberno consideren necesario revisar, ampliar ou cambiar parte do código ou a súa totalidade, deberán presentar a proposta de modificación á Presidencia do Colexio para que se debate e, no seu caso, se aprobe.

Adicionalmente, con carácter anual a Comisión de Bo Goberno revisará o presente documento e elevará á Xunta de Goberno un informe que inclúa, para o seu debate e aprobación, as propostas de potenciais modificacións para asegurar o efectivo cumprimento dos seus fins.